

TOPONIMIA DO CONCELLO DA FONSAGRADA¹

Nicandro Ares Vázquez

A Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, na sesión do 5 de maio de 1980, dictaminou a nomenclatura que debería figurar no municipio da Fonsagrada, e publicouna en TOPONIMIA 3 (Imprenta Paredes, Virgen de la Cerca, 30 - Santiago de Compostela, 1980). Posteriormente no Boletín Oficial de Galicia, Nº 16, Martes, 25 de xaneiro de 2000, o Goberno aprobou outra ordenación daquela nomenclatura. E nela voume fixar agora, para estudiala no aspecto lingüístico. Pero antes debo advertir que cando intentei facer o primeiro borrador deste artigo, en 1993, vin a seguinte nota bibliográfica en Cuadernos de Estudios Gallegos, tomo XVI, páx. 378: “Joseph M. Piel, Semblanza toponímica de un ayuntamiento gallego: Fonsagrada. Sep. del “Homenaje a Dámaso Alonso”, II, Madrid 1961, págs. 599-608”. Este estudio érame entón descoñecido e non sabía se as miñas apreciacións coincidirían coas do sabio filólogo alemán. Por outra parte, quizabes serían aportacións inútiles ó que estaría xa ben feito. Por iso deíxeinas descansar. Pero agora xa coñezo aquela publicación de Piel e citareina aquí coas siglas *STF*. Empezo, pois, axustando a nova nomenclatura ó traballo que xa tiña iniciado e usando siglas bibliográficas que irán explicadas ó final.

1. A ALLONCA (Santa María)

O nome desta parroquia lévao tamén unha aldea e poderíamos buscarlle a orixe quizabes no xinecónimo *Alionica*, o cal figura nunha inscrición de Soria (*ILER* 4908), comparable ó étnico *Alioncum* en Talavera (*ILER* 728), ó antropónimo *Alionius* en Coria (*ILER* 215) e quizabes ó teónimo *Deo Vestio Alonico* en Lourizán, Pontevedra (*ILER* 949, 950). ¿Podería ter a raíz do latín *alius* ‘outro’ (*OPPH* 17)? ¿Ou será nome indíxena sen tal relación? **A Allonquiña** é un evidente diminutivo da *Allonca*. **A Braña** ‘pasteiro húmido’ ou é derivado de *veranea* ‘pastos de verán’, como propoñen Menéndez Pidal, Piel, G^a de Diego, etc. ou é voz primitiva, como di Corominas (*DCELC* e *Adic.*). **A Ferraría** sería unha instalación de ferraxes para as cabalerías, para os carros, etc. nome derivado de *ferrum* ‘ferro’. **Frontal**, derivado de *frons*, *frontis* ‘fronte’, pode referirse á fronteira dun terreo ou de fachadas á beira dun camiño. **A Muíña**, como topónimo traduce a *molina*, substantivo feminino usado polo historiador latino Ammiano (48,8,11) e polos notarios medievais no sintagma “*sessigas molinarum*”; igual ca *muíño*, abreviación de *molinum saxum* (Tertuliano), e coma *mola* ‘moa de muíño’, ‘dente molar’, ‘cerro escarpado e con cima plana’ (*DCELC*), procede do verbo *molere* ‘moer’, e de aquí vén o significado de *muíña* ‘palla miúda, pó, casca dos cereais’ (*DLG*). **Pántaras**, co sufixo átono *-ara*, parece o colectivo dunha voz prerromana (*TGL* 31/n.20), de significado descoñecido. **Quintela** é o diminutivo *quintanella*, de *quintana*, que vén de *quinta*, parte dos froitos dunha terra debidos ó dono dela (*DCELC*). **O Relajo** podería ser un deverbais de *relaiar* ‘torcer oblicuamente a lanza do carro, cambiando de dirección’, se désemos creto a Franco Grande, *DGC*; pero este verbo non se atopa noutros dicionarios galegos, algúns dos cales (como Carré, *Irindo*) traen *relaer* ‘desgastar por rozamento’; pero en calquera hipótese non vexo a orixe e significado do topónimo. Piel (*STF*) no grupo de “nombres de origen oscuro o de atribución dudosa” trae “*Relajo* (es también nombre del mun. de Lueca, prov. de Oviedo)”. **A Trousa** é unha voz leonesa analizada por Corominas (*DCELC* v. *trouza*), quizabes de orixe gótica e co significado de ‘alude’. Franco Grande (*DGC*), non sei con que autoridade, dálle o significado de ‘sitio onde apacenta o gando no campo ou no

¹ *Lucensia*, XI/23, 2001:317-336; agora en “Toponimia do concello da Fonsagrada”, *Estudos de toponimia galega*, 2013, vol II pp. 822-840, descargable da páxina da Real Academia Galega: <file:///C:/Users/Usuario/Downloads/estudos-de-toponimia-galega-t.ii.pdf>

monte'. Piel (*STF*) trae: “*Trousa* (relacionado con *trousar*; ¿en qué acepción?)”.

Vilarello parece diminutivo de *vilar*, lat. *villaris*, *are*, a non ser que se trate dunha *Villa Arellio*, xa que *Arellius* foi antropónimo latino (*LE* 440); nesta hipótese Vila-Arello poderíase comparar con Vila-Xurxo, en caso recto.

2. A BASTIDA (San Miguel)

A Bastida é o nome da parroquia e dunha aldea, que Corominas deduce do lat. vg. **bastare* ‘abastecer’, *basto* ‘abastecido’, indicando que a *bastida* ‘máquina de guerra’ usouse nos ss. XIII-XVI (*DCELC*). En cambio G^a de Diego di que *bastida*, *bastir*, *bastar* teñen orixe no xermánico *bastjan* ‘construír, equipar’ (*DEEH* 500). Niermeyer (*MLLM*) trae *bastida*, *bastita*, *bastia* 1. fortaleza, castelo forte, s. XI; 2. vila nova fortificada, frecuentemente situada na fronteira. **Brañela** é o diminutivo de *braña*, v. n^o 1. **Lidín** débese entender como unha antiga (*Villa*) *Letinii* / *Laetini* / *Laetini*, xa que existiron os antropónimos *Letinius*, *Laetinius*, *Laetinus*, derivados de *Laetus* ‘ledo’ (*LE* 177; 358; *TLC* 261). **Pereira** é a árbore que dá peras, *pira* en latín. **Queixoiro**, co sufixo locativo *-orium*, quizabes podería (?) indicar un lugar de *cassis* ‘rede, lazo, trampa de cazadores’. Moralejo (*TGL* 106) dá *Queixoiro* non como derivado de *caseus* ‘queixo’, senón de *queixo* ‘maxilar’ (en portugués) e *queixa*, partindo de *capsa* / *capsum* ‘caixa’. Piel (*STF*) vencella a *Queixoiro* con *Requeixo* ‘terreo que termina en costa ou baixada para entrar nunha chaira’, e di que “sería posiblemente ésta también la significación de Queijoiro (Ribadeo, Lugo), con el sufijo *-orium*”. Postos a comparar, temos tamén o antropónimo *Cassius* (*LE* 423). **Xestoso de Riba** contén o sufixo *-osus* > *-oso*, indicador dun colectivo de *genista* ‘xesta’ coa determinación topográfica *ripa* ‘riba’ (*DCELC*).

3. BRUCEDO (Santiago)

Bruicedo é o nome da parroquia e dunha aldea, do cal din os Dicionarios de Eladio Rodríguez e de Franco Grande que significa ‘ruidoso’; pero o topónimo debeu saír de *prunicius*, derivado de *prunus* ‘cirolo, abruño’ (*DCELC* v. *bruno* I; *STF*), co sufixo *-etum* > *-edo* de abundancia. **Os Carrís** alude a camiños de carros, do lat. vg. **carrilis*, lat. *currilis*, polo influxo de *carrus*; propiamente *carril* foi adxectivo de ‘camiño carril’ (*DCELC*). **Pastoriza** ‘pasteiro’ en lat. era *pastoricius*, *a*, *um*, adxectivo que indicaba relación con *pastus* ‘pasto’, participio de *pascere* ‘pacer’. **Pin** procede dunha (*Villa*) *Pinii*, é dicir, vila dun home chamado *Pinius*, como explicou Joseph M. Piel en *Verba* (2, 1975, 54-56). **Rieiro** “manantial de augas que nacen de un río” (*DEGC*) debe equivaler a ‘regueiro’, do lat. *rivus/rius* ‘río’ ou de *riguus* ‘rego’. **Souto** procede do lat. *saltus* ‘pasteiro, bosque de árbores’ (*DCELC* v. *soto*).

4. CARBALLIDO (Santa María)

A Burela parece un diminutivo de *bura*, da familia léxica de *burata* / *buraca* / *furaca* ‘cova grande, fuma, foxo, abertura grande, tobo’ (*DXL*). G^a de Diego saca *buraco/burato* dun celta **bora* ‘agujero’, relacionado con *boro* ‘taladro’ (*DEEH* 512) ou do lat. *efforare* ‘perforar’, *forare* ‘furar’ (*DEEH* 638, 687). **Carballido** leva o sufixo *-ido*, variante de *-edo*, que vemos en *Carballedo*, o cal indica abundancia de carballos, palabra prerromana derivada de *carba* ‘caxigo de folla miúda’ (*DEGC*, apend.; *DCELC*). **A Graña**, en lat. *granea*, é sinónimo de granxa, que, a través do francés *grange*, procede do latín *granica* ‘lugar onde se recolle a grá’ (*DCELC*). **Gromaz** coido que procede do sobrenome latino *Gromatius* (*TLC* 342), relacionado con *groma* / *gruma*, un instrumento de agrimensor; segundo Piel-Kremer (*HGN* 318) viría dun suposto antropónimo visigótico **Wormatius*; Piel (*STF*) escribe que “debe ser forma correspondiente a Gormaz, en el mun. de Soria; no puedo afirmar categóricamente que se base en un nombre visigodo”. **Lentomil** ten aspecto de nome visigótico **Lintimirus* ou *Nantemirus* (*HGN* 168/2; 191/6). **Llacín** sería unha (*Villa*) *Flaccinii* (*LE* 413)

Flaccini (TLC 240); o mesmo di Piel (STF). **A Pedreira** indica abundancia de *petra* ‘pedra’, con sufixo *-aria*. **A Rebordela** coido que foi **roboretella*, un diminutivo de *reboreda*, colectivo do lat. *robur* ‘carballo’; pero Piel (STF) trae “*Rebordela* (¿relacionado con *rebordán* ‘bravo’?)”. **Río de Sabugo** alude á árbore lat. *sambucus/sabucus*. **Sequeiro**, terra de secaño, sen rega, deriva de *siccus* ‘seco’, igual ca o castelán *sequero* (STF; DCELC), e figura como topónimo en 1059 *super Siccarios ... senra de Sequeiros* (DELP). **A Torre** traduce o lat. *turris*. **Torviso** podería ser un alcume persoal que aludise a *torvo visu* ‘birollo’ ou alteración do lat. hisp. *turbiscus* ‘trobisco’, planta que se describe na GEG (29/160); Piel (STF) entre os “nombres de origen oscuro o de atribución dudosa” trae “Torviso (¿de *turbare* + *izo*?)”. **Trevín** sería versión de *trifinium* ‘límite de tres campos’ (OE 46/5). **A Valiña das Ovellas** alude a un val pequeno (**vallina*) onde pacerían as *oves/oviculae* ‘ovellas’. **A Veiga dos Binteiros** ‘pasteiro húmido’ é voz prerromana **vaika* (OE 13/1; DCELC v. vega), non latina **vadica* ‘paso transitible’ (DEEH 1049); pero *binteiro*, segundo Constantino García (GVGH) en Burón e Suarna é “var. de bieiteiro ... saúco”, sinónimo de *sabugueiro*; agora ben, ¿cal é a base etimolóxica de *binteiro*?, ¿acaso a do portugués “bento” < *benedictus* ‘bieito’?. **Vilar de Calvos** pode aludir a terreos calvos, sen vexetación, coma o adxectivo latino *calvus*; pero tamén pode contar *Calvus* (TLC 226) como posuidor daquel *villare* ‘recuncho dunha vila’. **O Vilar de Carballido** non necesita nova explicación. **Vilalba** reproduce o lat. *villa alba*, onde se pode ver un adxectivo (STF) ou o cognomen persoal *Alba* (TLC 226), o posuidor primitivo daquela vila.

5. CEREIXIDO (Santiago)

Cereixido indica co sufixo *-ido* (*-edo*) abundancia de cerdeiras e cereixas, *cerasia* en latín. **O Pando** procede do latín *pandus* ‘arqueado, combado’; Corominas di que sería un terreo case plano entre dous montes (DCELC v. *pando*); pero tamén pode contar *Pandus* (TLC 245) como posuidor deste lugar. **Santa Xuiá** foi *Sancta Iuliana* de Nicomedia, mártir, que tivo un culto especial en Santillana de Cantabria, onde creían que estaba o corpo dela. **Santiso** é outro santo, chamado *Thyrsus*, mártir en Apolonia da Frigia, que leva o nome grego do bastón simbólico de Díónisos. **Souto**, top. xa visto no núm. 4. **O Taboeiro** alude a un *tabularium* ‘arquivo, escribanía’ ou á persoa que alí exercía tal oficio. **O Touceiro** é voz da familia de *touza* ‘matorreira de herbas e arbustos’, ‘cepa dunha árbore, touceira’, do prerromano **tautia* (DXL; DEEH 1014; DCELC v. *atocha*). **O Vao** traduce a *vadum* ‘paso dun río’. **O Vilarón** pódese comparar con *Fontarón*, do que di Moralejo que o segundo compoñente “podría ser el antropónimo bíblico *Aarón*, usado aunque poco en la Península” (TGL 135, nota 54; OPNH 111). Piel (STF) escribe: “Parece más natural explicar *Vilarón* por aquel nombre bíblico que ver en él *vilar* + suf. aument. -ón”...

6. CUIÑAS (San Cristovo)

De **Aldomán** di N. Peinado que sería un top. árabe ‘Aldeomán’ granxa de Omán (BCML, V, 149); Piel (STF) só di: “parece también visigodo”; eu coido que podería ser un nome persoal **Aldu-manus*, cos dous temas de *Manu-aldus* (HGN 177/15) invertidos, coma o gr. Dositeo/Teodosio. **A Archeira** pódese relacionar co lat. *arca* ‘sepultura prehistórica, dolmen, mámoa’, ou con *Arcarius* (TLC 319), o posuidor dunha (Villa) *Arcaria*. **Castro** foi lat. *castrum* ‘fortaleza’. **Cuiñas**, plural quizabes de *coiña* ‘lugar de coios ou de coles’(?); se viñese do lat. *collis/collina* daría **coliña*; sen embargo en docs. lucenses dos anos 995, 1071, 1073, 1088, 1105 (NML 148) aparece *Villa Colina*, que corresponde a Cuiña, cerca de Lugo, sería quizabes a vila do posuidor *Culinus/Culina* (TLC 161, 347). Piel (STF) suxire: “Cuiña(s) es un topónimo que se repite quince veces en Galicia. ¿Será variante de *Cuiña(s)*?. Pero, ¿con qué valor topográfico?”. **O Fito** provén do latín *fictus*, coma o castelán “hito” (DCELC), ‘pedra

cravada no chan para sinalar os lindes dun terreo ou á beira dunha estrada para indicar lugares e distancias'. **Fumaioir** interprétase como 'fonte maiore' (TGL 104; STF); pero **Maior** (TLC 294) puido ser o dono da fonte. **Lladairo** parece versión asturiana de **Ladairo**, monte en Guntín de Pallares, situado na 'ladeira' dunha costa e polo mesmo derivado de *latus*, *-eris* 'lado'. Piel (STF) di que é "forma regional del gall.-port. *ladeiro*, esp. *ladero* 'encuesta' = ladeira/ladera". **O Pando de Cuñas** v. nº 5. **A Pasada Seca** componse dun derivado de *passus* 'paso, tránsito', co adxectivo *siccus*, *a*, *um* 'enxoito, sen auga', ou co nome do posuidor *Sicca* (TLC 264), como en **Vilaseca**. **A Porteliña** é diminutivo de *portella*, como éste o é de *porta/portus* 'paso estreito nun valado ou entre dúas montañas'. **San Cristovo** foi *Sanctus Christophorus* 'o que leva a Cristo'. **Vales** son o plural de *vallis* 'val'.

7. FONFRÍA (Santa Mª Madanela)

Barbeitos é plural de *vervactum* 'terra preparada en descanso sen sementar'. **O Castro** v. nº 6. **Ferreiros** viría de *ferrariolus*, diminutivo de *ferrarius*. **Fonfría** traduce a *fonte frigida* (TGL 104; STF), sendo fons nome feminino no lat. tardío (ILV 346).

8. A FONSAGRADA (Santa María)

O nome da parroquia e da vila capital do concello, composto de *fons sacrata*, equivale a 'fonte santa' ou quizabes 'fonte de Santa María'; pouco verosímil sería unha *fons aggerata*, fonte estancada cun dique (DLF v. *aggero*). **Vilapiñol** explicouno Piel en STF e Verba (2, 1975, 54-56) como *Villa Pinioli*, sendo *Piniolus* un diminutivo do antropónimo *Pinius* (LE 209).

9. FREIXO (San Xulián)

A Airexa refírese ó lugar da *ecclesia* 'igreja'. **O Arco** parece traducir o latín *arcus* 'arco'; por iso Piel (STF) inclúeo en "construcciones diversas"; pero puido vir do persoal *Arco* (OPPH 32) e contaminarse con *arx*, *arcis* 'fortaleza' ou con *arca* 'dolmen, mámoa'. **O Barreiro** é lugar de barro, palabra non latina (DCELC), que a veces indica oficio de alfareiro. **Carballoguidín** é nome composto da palabra prerromana 'carballo' (v. nº 4) e do antropónimo visigótico *Guetinus* (STF) ou *Uictinus* (HGN 315/13). **Castelo** foi *castellum* en latín, diminutivo de *castrum*. **Escamelada** podería ser variante de *escambelada*, monte roturado coa *cambela*, unha especie de arado dunha soa peza (Cf. E. Rivas, *Frampas* II 66; C. García, *GVGH* 320); pero parece máis verosímil que veña de *scamellum* 'banquiño' (DLF; MLLM), diminutivo de *scamnum* 'escano', aludindo quizabes a socalcos do terreo. **Ferreira de Abaixo / de Arriba** son dúas aldeas con *ferrum* 'ferro'. **Foncuberta** vén de *fonte cooperta* (TGL 103), como **Freixo** vén de *fraxinus* e **A Pedra** de *petra*. **A Pereirúa**, diminutivo de *pereira* (v. nº 2), sería **pirariola* (TGL 308). **A Serra** soa igual ca en latín. **Travesas** serían vías *transversas* 'atallos, travesías'. **Troncos** traduce a *truncus*. En **Vilanova** consérvase incontaminada a *villa nova* latina.

10. LAMAS DE CAMPOS (San Roque)

Campos, plural de *campus*, denota un terreo amplo e chao. **Fongate** sería composto de *Fons*-**Gatti* en opinión de Moralejo (TGL 114); *Cattius* figura como antropónimo na epigrafía de Hispania (ILER 188) e *Gatti(u)s* era nome dun soldado en Licaonia (AE 1955, 268 = RL 86). **Lamas de Campos** consta da voz latina ou pre-latina *lama* (TPH 98-102; DCELC), determinada por *Campos*. **Ortigoso** vén do lat. *urticosus*, terreo onde abunda a *urtica* 'ortiga'. **Pumeda** saíu do plural neutro de *pometum* 'pomar' (DLF), co sufixo *-eta* > *-eda*, que indica horto abundante en *pomus* (DLF), árbore que dá o *pomum* 'froito comestible, mazá'. O mesmo sufixo vémosto en **Tronceda** denotando un lugar de moitos troncos, v. nº 9 (OELG I 251). En **Vilarchao** temos un composto de *villare plano*. **Vilarmeán** parece *villare medianum*, pero *Medianus* foi tamén antropónimo (TLC 301) e quizabes o posuidor primitivo deste lugar. **O Xipro**,

segundo Constantino García (GVGH), é “var. de chifle; v. inxerto de xipro (Suarna) injerto de canutillo”. Estaremos, pois, diante dun verbal de *sibilare/sifilare* ‘silbar’, dialectal “xiprar ‘id’., gall. ast. de Sisterna” (DEEH).

11. LAMAS DE MOREIRA (Santa María)

Aldobrén procede do antropónimo *Eldebre*do/*Heldefredus* (HGN 150/6).

Barcela sería **Barcenella*, diminutivo de Barcia ‘terreo húmido’, voz prerromana (DCELC), coma várzea/vargem en portugués (Cf. Joseph M. Piel en *Grial*, Nº 90, 1985, pp. 471-474). **Cabana** era *capanna* ‘choza’ no latín hispano de San Isidoro, voz quizabes celta (DCELC). **Castro de Lamas**, v. nº 6 e 10. En **Coto de Lamas** temos o mesmo determinante, unido a unha voz prerromana **cotto* ‘picouto’ (DCELC v. *cueto*; OE 85/1), o cal, en **Coto de Xunqueira**, está determinado pola voz latina **iuncaria*, indicadora dun colectivo de *iuncus* ‘xungo’. **O Formigueiro** sería un **formicarium* ‘sitio onde abundan os niños de *formica* ‘formiga’. **A Gamalleira** ‘terreo cuberto de arbustos e árbores xoves’ (VP 128) é un derivado de *gamallo* ‘rama’ (NCVCG v. arbusto, rama), ¿parente do lat. *cabamus*? Piel (STF) trae “Gamalleira (¿de gamallo ‘laurel?’)”. **Lamas de Moreira** alude á *moraria*, árbore que dá *mora* ‘moras’, plural de *morum*. **Louxas**, variante dialectal de *lousas* (GVGH), naceu dun prerromano *lapides lausiae* (DCELC v. *losa*). **Moreira**, v. supra. **Paradiñas** poden ser pequenas *paratas* ‘paradas’ nun camiño ou equivaler a *parietinas* ‘pardiñas’. **Ribón** traducea *rivus bonus* ‘río bo’. **San Breixo**, apócope de *Sanctus Verissimus* mártir de Lisboa, non leva o acento que lle pon Piel “Sambreijó” (STF; *Biblos*, XXV, 1949, p. 330); polo tanto non “temos aquí certamente uma formação diminutiva, com valor geográfico: “pequeno Sambreiço”; o que temos é un *Verissimus*, superlativo de *Verus* (TLC 253-254). En **Seoane** está unha ermida adicada a *Sanctus Iohannes* ‘San Xoán’. **Susán** no latín vulgar era *susanus* (MLLM), derivado de *susum*, equivalente a *sursum* ‘arriba’ (DCELC). **A Tumbadoira** parece **tumulatoria* quizabes referido a ‘tumbas’ prehistóricas, mámoas, dolmes, etc. **Valiños**, plural dun diminutivo de *vallis*. **As Veigas** v. nº 4. **Vilabol de Abaixo / de Arriba** son dúas localizacións, *bassus / ripa*, que determinan a *Vilabol*, topónimo analizado por Joseph M. Piel, en *Verba* (2, 1975, 46-48), partindo de *Villa Avioli*, dimin. de *avus* ‘avó’. **Viladriz** sería unha *Villa Adorici* (HGN 3/17). **Vilanova** v. nº 9. **Vilarín de Pontón** componse dun diminutivo de *vilar* e dun derivado de ponte ‘construción tosca de madeiros, táboas ou pedras illadas para vadear un río pequeno’ (DXL). **Xunqueira** v. supra.

12. MADERNE (San Pedro)

Castañoso sería un lugar onde hai moita *castanea*. **Liñares de Maderne** alude a terras abundantes en *linum* ‘liño’. **Maderne** foi sen dúbida unha (*Villa*) *Materni*, dado que *Maternus*, derivado de *mater*, foi nome persoal (TLC 303). **Murias** parece o leonés *muria* ‘montón de pedras’ (DEEH 826), coma o galego *morea* (DCELC v. *morena* II); cf. STF en *Lucensia*, Nº 20, 2000, p. 132. **Silvachá** foi *silva* ‘selva’ *plana*.

13. MONTESEIRO (San Bartolo)

O Acevo é un fitónimo que provén do lat. vulgar *aci-folium* ‘folla de agulla’ (DCELC). **A Armilda**, anque parece corrupción de *Ermida*, en realidade procede dun nome persoal visigótico *Ermildus* ou *Hermilda* (HGN 78/9b,10). **Cabreira** sería *capraria*, lugar de cabras, ou unha (*villa*) *Capraria*, vila de *Caprarius* (TLC 323). **Cova** no latín vulgar é variante do adxectivo *cavus*, *a*, *um* ‘oco’. **Chao de Leira** ten claro o primeiro elemento, que foi *planus*, pero de *leira* ‘terra de labradío’ non se sabe ben cal é a etimoloxía, porque o latino *glarea* ‘cascallo’ ten diferente significado, e *area* dá ‘eira’, pero non ‘leira’ (DCELC v. *glera*; DEEH v. *glarea*; DELP v. *leira*; OG 80-82). **O Ludeiro** abundaría en *lutum* ‘lodo’. **Monteseiro** é igual ca *Monseiro* en Lánacara, o cal cítase no Tumbo de Samos moitas veces baixo a forma de *Alpe Serio*, *Monte Serio*,

territorio *Montis Seri* (TSA 7, 8, 9, 15, 17, 20, 21, 43, 131, 136, 137, 139, 155, 203, 205). O calificativo *serio* aplicado aquí a monte semella ser o mesmo que vemos en *Fonteseira*, do que Moralejo dixo: «La base parece haber sido el gótico *sahrja ‘canastillo’»> (TGL 121). Sen embargo esta hipótese faise un pouco dura, excepto que esa voz gótica se relacione co antigo alto alemán *sahar* ‘xungo, carriza’, como opina Corominas (DCELC v. *sera*). Piel (STF) propón: “Monteseiro (debe de estar por monte oseiro = *ursarius* ‘de oso’)”. Pero eu preguntaría: ¿non será *seiro* metátese de *Serius* (LE 371) aludindo ó posuidor do monte e da fonte?. **O Navallo** haberá que explicalo como derivado de *nava* ‘chaira entre outeiros’ (Cf. DCELC v. *lavajo* ‘charca’). Piel (STF) escribe: “Naballo ‘tierra rozada’ (?). Forma gallega, correspondiente al cast. nabajo, que abunda en la toponimia de Galicia; cf. Piel, RPF, I, 72. Sobre su etimología véanse Hubschmid, *Rev. Int. d’Onom.*, IV, 3 ss., y Corominas, *Diccionario*, art. *nava*”. **Palmeán** provén do nome latino *Palmianus* (TLC 335) e non vale a hipótese de Piel (STF): “Palmeán (¿palo mediano?)”. **A Panda**, feminino de *Pando*, v. n° 5. **A Pucariña** é un diminutivo de *púcaro* ‘pucheiro pequeno’ (DEGC; DELP), equivalente do castelán ‘búcaro’, derivado dun dialecto mozárabe, que tomou esta voz do lat. *poculum* ‘copa’, en opinión de Corominas (DCELC v. *búcaro*).

14. PACIOS (Santa María)

Brañas v. n° 1. **Ferreirola** é unha forma case asturiana, procedente de *Ferrariola*, diminutivo de *ferraria* ‘ferreira’, equivalente ó castelán *Herreruela* e a *Ferreirúa* ou *Ferreiroa* noutras partes de Galicia. **Leituego**, que pon Piel (STF) entre os “nombres de origen oscuro”, semella ser un derivado de *lactuca* ‘leituga’, co sufixo prelatino *-ecus/-aecus*, que vemos en *borrego*, *chairego*, *endego*, *galego*, *labrego*, *sartego*, etc. **Mourisco** procede do nome persoal mozárabe *Maurisco*, o cal figura nun doc. do ano 966, se damos creto a Corominas (DCELC v. *moro*), que o toma de Menéndez Pidal (OE 106). **Pacios**, como palacios, son o plural de *palatium*. **Teixeira** parece ser un bosque de *taxus* ‘teixos’ (arbustos), máis ben ca abundancia de teixos (animais).

15. O PADRÓN (San Xoán)

Carracedo, segundo Moralejo (TGL 308) deriva de *carex*, -icis ‘carrizo’, planta acuática. O mesmo propón Corominas (DCELC v. **carrizo**) e G^a de Diego (DEEH 559). **Invernal** ten clara etimoloxía no lat. *hibernalis*, aludindo a un pasteiro de inverno. **Montouto** foi e segue a ser topograficamente *mons altus* ‘monte alto’ (OE 20/4; 21/3). **O Padrón** vén de *patronus* ‘patrono, protector’ ou do persoal *Patronus* (TLC 314) ou dun homónimo procedente de *petra* “pilar que conmemora un suceso, que sinala la cumbre de un monte u otro lugar notable” (DCELC v. *padre*). **Vilardongo** sería *villare domnicum* = *dominicum* ‘señorial’ (STF; OE 32/2b) ou o vilar dun posuidor chamado *Dom(i)nicus* (TLC 362).

16. PARADAVELLA (San Xoán)

A Calzada procede do lat. [via] **calciata* ‘camiño empedrado’ (DCELC), con base en *cals/calx*, *calcis* ‘pedra’ ou ‘talón’, como se fose un camiño pisado polos camiñantes (OELG I 365); ¿sería aquí vía romana? **Chaín** parece que sería unha (*Villa Flavini* (LE 167); así o entende Piel en *Biblos* (XXIII, 1947, n° 142) e J-L. Pensado (OELG I 292), que critica a Sarmiento, porque pon a Chaín como diminutivo de chan; e non sei porqué Piel (STF) pon “Chaín (dimin)” no grupo de *Vilarchao* (planus). **Paradavella** alude a unha *vetula parata* ‘pousada’, na que se paraba e se preparaba nova camiñada. **O Retiro** ‘lugar de descanso’ é de verbal de retirar, derivado de tirar, de orixe descoñecida (DCELC).

17. PIÑEIRA (Santa María)

A Airexa v. n° 9. **A Boucisca** parece relacionado con ‘bouza’, voz prerromana (BIEA, VIII, 1954, p. 34; DELP; DEEH), cun sufixo *-isca*, de iteración, pouco común,

p. ex. *birisca, chuvisca, nevisca, ventisca*, etc. Piel (*STF*) escribe: “Boucisca (¿dimin. de bouza?)”. En **Castañosín** temos o diminutivo de castañoso, v. nº 12. **Centigosa** traduce a *senticosa* ‘espiñeira’, abundante en *sentis* ‘espiña’. Esta opinión parece que non a comparte Piel (*STF*): “Centegosa = Centeosa ¿estará por *Centeosa, deriv. de centeo ‘centeno’?”. **Escourido**, variante de Escouredo, procede do mozárabe *escauria* con ditongo antietimolóxico (*OE* 19/6 nota), posto que en latín era *scoria* (*DCELC* v. *escoria*); pero nótese que en castelán existe a ‘escoria nodosa’, chamada en galego ‘herba das ferreñas’ (*NCVEG* I 586). **Estremeiro** alude a un terreo que estrema ou limita con outros, do lat. *extremus*, a, um (*STF*). **Goxe** pode vir do xenitivo do antropónimo *Gogius/Goggius*, documentado en inscricións latinas (*RL* 88). **Gulpilleiras** sería un lugar frecuentado por *vulpes* ‘golpe, zorro’, en rigor derivado de *vulpecula* ‘zorriña’ (*STF*; *TGL* 306). **Mido** substitúe ó antrop. visigótico *Mitus* (*HGN* 187). **Monteagudo** traduce a *mons acutus*. **Piñeira** sería **pinearia*, derivado de *pinea* ‘piña’. **Silvadrosa**, probablemente foi *silva hederosa* ‘selva de hedras’. Esta opinión compártea Piel (*STF*): “Silvadrosa (= edrosa ‘cubierta de hiedra’)”. **Teixeira** v. nº 14. **As Veigas** v. nº 4.

18. A PROBA DE BURÓN (Santa Mª Madanela)

O Chao traduce a *planum*, o mesmo que **A Cruz Nova**, *crux nova*. **Milladoiro** ‘montículo formado por pequenas pedras amontoadas polos peregrinos’ sería *humiliatorium* no camiño primitivo de Santiago. A Comisión de Toponimia da Xunta manda escribir **A Proba de Burón** o que outros dirían Póboa, Pobla, Pobra, por supoñer que foi *popula* en lat. serodio. Pero o que agora importa é este último nome. Porque, tendo en conta o acento na última sílaba, non é fácil que *Burón* fose a antiga *Burum*, como di N. Peinado (*BCML* III 321), seguindo a J. Cornide (*GEG* 25 239). Nun doc. de Portomarín, ano 1473, figura “puebla de buron” e outro do ano 1449 alude “a valia do padron que jas enno alfoz de buroe ... a dita vaylia de padron ... enna dita terra de buroe” (Cf. G. Paz, Portomarín, pp. 75-82). Entón parece que Buroe sería evolución do ablativo *Burone*, con perda do -n- intervocálico. Por outra parte, menciónase *Buraon* en 1130 (*BCML*, II, 291) e *de Buron* en 1145 (*ES* XLI 307; *BCML*, I, 231). Piel (*STF*) di que “Burón parece ser un aumentativo de *boiro/buiro* ‘habitación’, término germánico (¿suevo?) que sobrevive en la toponimia gallega”... A miña opinión é que Burón podería vir de *Buro(n)*, -onis, antropónimo celta recollido por Holder (*AS* I 642 = *CIL* X 640). Unha vez escrito isto, vexo despois que no vol II, páxs. 723-732, das *Actas. Congreso internacional sobre San Bernardo e o Císter en Galicia e Portugal* (Ourense 1992) cítase en dous documentos a Pobla de Buroon, ano 1378, e Pobla / Prova de Buroon, ano 1397. Isto pode facer que se confirme a miña opinión etimolóxica. Pero hai que seguir estudando o top. Burón; porque unha suxerencia distinta podería vir do poeta hispano-latino Marcial que cita un “sanctum Buradonis illicetum” (*Epigr.* IV, 55, 23). Outra hipótese sería comparar a Burón coa tribu gala dos Eburones (Cf. *OPPH*, p. 111). **Trambasaugas** corresponde a unha aldea situada *inter ambas aquas* ‘entre dúas augas’.

19. SAN MARTÍN DE ARROXO

Arroxo, nome da parroquia, provén do lat. serodio *arrogium*, voz prerromana, como *arrugia* ‘galerías subterráneas, correntes de auga para lavar o mineral’ (Plinio *HN* 33, 70), usada polos hispanos (*DCELC* v. arroyo; *ELH* I 63). Piel (*STF*) propón: **Arrojo** ‘ladera escarpada’. **Abade** procede de *abbas*, *abbatis*. **Brancio** pode vir do antropónimo *Verantius* (*LE* 401). **O Caleiro** alude a un oficio ou lugar onde se fabrica o cal, *cals* / *calx*, -cis en lat.; *caleru* en Asturias é o forno onde se queima a pedra para facer o cal (*DCELC*). **Candelos** é diminutivo de *candos* ‘ramas delgadas e moi secas’, de orixe celta, emparentada co lat. *candere* ‘arder’ (*DCELC* v. *cándano*). **Castro de Arroxo** v.

nº 6 e supra. **Ervellais** é un colectivo en plural de *ervilia* ‘ervella’, planta leguminosa (DCELC v. *arveja*). Piel (STF) escribe: “Erbellais (deriv. de ervella ‘guisante’)”. **Novío** procede do antropónimo *Novidius* (OPNH 236), como *Lusío* vén de *Lusidius*. **Río de Bangos** refírese quizabes a cangos de pontellas mal asentadas (?); Gª de Diego (DEEH) supón que a orixe estaría no lat. **vanicus* “vano, hueco” (?); en latín *vanga* ‘aixada’ nada terá que ver con este top. **Río de Toxos** alude ó lat. *rivus* ‘río’ e a ‘toxos’, palabra prerromana (DCELC v. *tojo*; DEEH v. *toju*). **San Martín**, patrón parroquial, *Sanctus Martinus*, quizabes o de Tours (s. IV) ou o de Dumio-Braga (s. VI), foi nome teofórico diminutivo de *Mars* ‘Marte’. **Veiga de Arroxo** v. nº 4 e supra. **Vilamaior** pode ser unha *villa maior*, pero o adxectivo latino tamén se converteu no nome persoal *Mayor* (TLC 294) dun posible posuidor da vila.

20. SAN MARTÍN DE SUARNA

Os Fornos da Cal, nome expresivo de por sí. **Llencias**, como *Chenzas* en Sotordei (Ribas do Sil), serían *planitia/planities*. Piel (STF) trae: “Llencias (¿*planitia*? cf. gall. port. *Chainza*)”. **Paradanova** < *parata nova*, cf. nº 16. **Penamaior** traduce o latín *pinna/penna maior* (cf. DCELC). **Rozabragada** é un top. composto de **ruptia* ‘roza, monte roturado’ (DCELC), quizabes adxectivada con **bargata* ‘cercada con bargos/chantos’ (?) (Cf. DCELC v. *varga*). De **San Martín de Suarna**, como é zona semiasturiana, a xente nativa non di San Martiño. Respecto a *Suarna* poderíamos ver unha palabra *Arna* (DLF), vila latina, co prefixo *sub*, como teño lido non sei agora onde (¿NL?); pero, se cadra, temos o prefixo celta *su-* co significado de ‘bo’, seguido de *arna* ‘río’ (Cf. TM 109). **Silvela**, *silvella* en lat. vg. é un diminutivo de *silva* ‘selva, bosque’. **O Vieiro** parece equivaler a *viarius* (DLF), referido a via ‘camiño, carreiro, vereda’ ou ó antropónimo *Viarius* (LE 416); pero a Piel (STF) parécelle un “deriv. de *vena* ‘senda’”. **Vilagocende** componse de *Villa* e de *Gosendo* / *Gundesindo* / *Godisindo*, nome persoal (HGN 132/9; OPNH 191). Piel (STF) pensou primeiro en *Gaudesindus*. **Vilarín de Baxo**, **Vilarín de Riba** aluden a dous pequenos vilares ubicados a distintos niveis: *bassus/ripa*.

21. SAN PEDRO DE NEIRO

Non hai aldea co nome de **Neiro** na parroquia; pero coido que se pode explicar polo antropónimo *Narius* (LE 528). **Candaído** leva o sufixo *-ido*, equivalente a *-edo*, indicador de abundancia como en *Candaedo/Candedo*, derivados de *candanum* > cando ‘rama seca de árbore’ (TGL 344; DCELC v. *cándano*; DEEH v. *scandula*). **Lagúas**, variante de *Lagoas*, traduce o latín *lacunas*. **Llancela**, diminutivo semiasturiano, aludiría a unha pequena chaira, *planitiella*, igual ca o galego *chancela*. **Mazaeda**, como *Maceda*, vén de **mattianeta*, Manzaneda en castelán, lugar de mazás. Piel (STF) trae “Mazaeda ‘manzanar’”. **O Mazo**, masculino do lat. vg. **mattea* (DCELC v. *maza*) foi un artefacto no río, para mazar o ferro ou abatanar as teas en mollado, sinónimo de batán, fulón, etc. **Peizais**, lat. *paniciales*, indica o lugar onde hai *panicum* ‘paíno, millo miúdo’. **O Piñeiro** é derivado de *pinearium*, árbore produtor de *pineas* ‘piñas’. **Pradairo** non se refire a ‘prados’, senón a plátanos silvestres, porque foi un *platanarium* (TGL 347-348. Piel STF di: “Pradairo ‘arce’ (platan-aria)”. **Riotorto** alude a un río sinuoso, *rivus tortus*, de *torqueo* ‘torcer’. **San Pedro**, o titular da parroquia, é masculino de *petra* ‘pedra’. **San Pedro de Riba** non necesita comentario. **Vilarello** foi xa analizado no núm. 1. **Xestoso de Baxo** contraponse a Xestoso de Riba, visto no nº 2.

22. SAN PEDRO DE RÍO

Aguiar procede lat. *aquilare*, derivado de *aquila* ‘aguia’. **Buisán** debeu saír do antropónimo *Busianus*, coma *Buxán*, *Vilarbuxán* anque Piel non rexistra Buisán en *Verba* (9, 1982, 136); pero en 954 e 989 figura o antrop. *Buisanus* (OPNH 130; NMP 166). **Castonsa** podería ser *casa tonsa*, é dicir, casa do posuidor *To(n)sus* (RL 413);

pero Piel (*STF*) propón: “Castosa (castan-osa), formación de tipo idéntico a Castaoso (mun. de Ibias, Oviedo), y sinónima de Casteda (castan-eta)” e de Castenda, engadiría eu. **Crecencia** vén do xinecónimo latino *Crescentia* (*TLC* 234). Piel (*STF*) dúbida entre “¿nombre de mujer o = ‘elevación’?”. **Escouride** aseméllase a *Escourido*, visto no núm. 17; pero o -e final parece remitir a un xenitivo antroponímico que se debe investigar.

Ferreiros foi nome de oficio, (*faber*) *ferrarius*. **O Mazo** xa queda visto no 21.

Monterriño pode ser Monte [da parroquia de] Río. **Redrollán** parece da familia de *redrollo* ‘becerro de cría’ (*DEGC*, apend.), “dícese de la persona baja y gruesa” (*GVGH* 610), en castelán “redrojo, racimo que dejan atrás los vendimiadores, fruto o flor que echan por segunda vez las plantas y que no suele llegar a sazón”, o cal é derivado do lat. *retro* ‘atrás’ (*DCELC* v. *arredro*), **retroculus* ‘retrasado’ (*DEEH* 930). **San Pedro** v. nº 21. **Sanguñedo** sería **sanguin-etum*, lugar onde abunda a planta *rhamnus sanguinus* ‘sangubiño, sanguño, sanguíño’ (*DCELC* v. *sangre*; *DEEH* 950). **Sudros** tal vez podería compararse co xentilicio Sutrius (*LE* 534); pero en portugués hai sudro ‘porcallada’ (*DEEH* v. *sordes*), quizá equivalente ó galego xurro/zurro. Por outra parte, Machado (*DOELP*) cita *Subdrus* en 1100 e Sudos / Sudros / Sudrus en 1258.

23. SANTO ANDRÉ DE LOGARES

Biduedo refírese a un *betul-etum* colectivo de bidueiras, biduos, *betula* en lat. (*OELG* I 41-44, 194). **Cabanas** v. nº 11. **As Cancelas** é plural do lat. *cancellus* ‘reixa’ (*DCELC* v. *cancel*). En **Cerdeira** perdura o nome da árbore que dá cereixas, en lat. *cerasias*. **Cospeito** provén do lat. *conspectus* ‘visible, vista, mirador’ (*TGL* 30/n.19). Piel (*STF*) pregunta: “Cospeito (conspectus, en qué acepción?)”. **A Graña de Chao de Fornos** alude a unha graña ‘granxa’, voz vista no núm. 4, ubicada nun lugar plano ‘chao’, onde habería *furnus* ‘fornos, buratos, furnas’. **As Lamelas**, plural dun diminutivo de lama v. nº 10. **Lodos** traduce o lat. *lutum* en plural. **Logares** é variante de lugares, en lat. *locales*. **A Pandela**, diminutivo de *pandus*, *a*, *um* v. nº 13. **Santo André**, *Sanctus Andreas*, nome do apóstolo de Cristo, relaciónase co grego *andreia* ‘virilidade’. **A Sendiña** pode ser diminutivo de *semita* ‘senda’ (así o considera Piel en *STF*); pero tamén nome persoal *Sendina* / *Sindina* (*HGN* 241/23).

24. A TRAPA (San Cibrán)

O Couso din que é unha mestura de *cursus* / *cautum* ‘un chouso cercado onde se pode correr cazando’ (*DCELC* v. *coso*). **A Labiada** quizabes podería relacionarse con *lapidata*, é dicir, unha terra chea de *lapis* ‘pedra’, coma *monte lapio*, a. 747, hoxe *Labio*, cerca de Lugo (*NML* 158). **O Mesón Novo** e **O Mesón Vello** son dúas formacións orixinariamente latinas *mansio nova* / *vetula*; pero mesón parece que chegou aquí a través do francés *maison* ‘casa’, voz traída polos monxes de Cluny (*DCELC* v. *manido*). **Outonais** traduce o lat. *autumnales* ‘pastos de outono’. **Penamaría** parece composto do apelativo *pena*, v. nº 20, e *de María*, xinecónimo (*OPNH* 220/918). **A Pruída do Vale** consta do lat. *vallis* ‘val’, determinando a pruída, que en Burón é “cumbre semiplana”, en Suarna “la parte más alta de un monte” (*GVGH*); polo mesmo parece derivar do lat. *pronus* e así o propón G^a de Diego (*DEEH* 889), citando o galego pruída ‘baixada, costa’, tamén como topónimo; sen embargo Corominas rexeita este étimo e propón o participio *prôdita* “por ser el lugar por donde se ve aparecer a los que llegan” (*DCELC* v. *pruïda* ‘paso de montaña’: III 898; IV 1067). **San Cibrán** foi *Sanctus Cyprianus*, bispo mártir en Cartago, nome grego derivado de *Cyprius* ‘de Chipre’. **A Trapa** din que é a mesma voz ca *trampa*, voz de orixe onomatopeica (*DCELC*; *DEEH* 1032). **Vilalba** xa queda vista no núm. 4.

25. O TROBO (Santa María)

Arquide tivo que ser unha *Villa Arquitii*, dado que houbo o antroponímico *Arquitiu* (*LE* 403). **Castañeira** contén (*nux*) *castanea* ‘castaña’, co sufixo -aria > -eira,

indicador de abundancia. **A Chousa** alude a unha finca *clausa* ‘cerrada, cercada’. **O Mazo** v. nº 21. **Noceda** indica abundancia de *nux*, *nucis* ‘noz’, porque foi *nuceta*, plural do colectivo neutro *nucetum*. **As Pozas** tamén é voz derivada do latín *puteus/puteum* ‘pozo’. **Reboira** máis ca variante de *riparia* ‘ribeira’, como supoñen algúns para a Ribeira Sagrada, podería ser *ripa aurea*, como *Valoira* que era *vallis aurea* no ano 1120, segundo deixo escrito en *El Progreso* 15-III-1989, e *Viloira* que se documenta tamén como Villauria no ano 1144 (TSA 62); sen embargo Piel (STF) supón que foi “Reboira (roboria) ‘robledo’”. **Trasouturo** parece forma rara e diverxente de Trasouteiro, que sería *trans altarium* (DCELC). **O Trobo** intentei estudialo en *Grial* (Nº 75, 1982, 103-104) aducindo a forma prerromana *Trobanum*. Piel (STF) só pregunta: “Trobo ‘colmena’ (?)”. **Vilaframil** leva como segundo elemento o antropónimo *Framirus* (HGN 100/2). **Vilamaior** v. nº 19. **Vilar de Vela** parece ter como determinante de vilar o antropónimo visigótico *Vegila* / *Veila* / *Vela* (STF; OPNH 291; HGN 41/4). **Vilarín do Castelo** configúrase con dous diminutivos, un de vilar e outro de castro. **Vilarxubín** corresponde a un *Villare Iovini*, xenitivo de *Iovinus* (TLC 212).

26. A VEIGA DE LOGARES (Santa María)

Braña v. nº 1. **Dradas** parece aférese de Hedradas, derivadas de *hedera* ‘hedra’ (STF; TGL 288), ou participio do verbo *edrar* ‘facer a segunda cava ou labra das terras’, o cal procede do lat. *iterare* (DXL; DEEH 751; DCELC v. *reiterar*). **Liñares de Vilafurada** alude a plantacións de *linum* ‘liño’ quizá nunha *villa forata*, do lat. tardío, ‘furada, perforada’ (DCELC), comparable a *Vilacova*. Para **Louteiro** Piel (STF) supón un “nombre personal: ¿Eleuterio?”. **Llan** é a forma asturiana do lat. *planus* ‘chao’. Tamén **Robledo** é forma asturiana do galego reboredo ‘carballeira’, que saíu de *robur* ‘carballo’, “roble” en castelán. **Romeán** debe corresponder ó antropónimo visigótico *Rimila(ne)* (HGN 220/8), topónimo que se le así en docs. medievais lucenses (NML 173). **San Martín de Robledo** non ten formas propiamente galegas. **A Veiga de Logares** parece unha imposición excesivamente galeguizante nunha zona semiasturiana onde a xente di con normalidade Vega de Logares; de todos modos os compoñentes quedan vistos no núm. 4 e 23. **O Ventorrillo** “merendero en las afueras de un pueblo”, diminutivo de ventorro “venta o posada pequena o de muy mala traza” (DRAE), leva dous sufixos diminut-despectivos -orro- e -illo < -*iculus*, engadidos a *vendita*, “venta” en castelán. **Vilagudel** ten como segundo elemento un antropónimo **Gutellus* (HGN 146/36) ou o xinecónimo *Gutella* (HGN 146/38). **Vilardíaz** responde a un *Villare Didaci*, xenitivo de *Didacus*, antropónimo grego (STF; OPNH 145). **Vilarfruxilde** é un composto de *Villare* + *Frogildi*, xenitivo dun antropónimo ou dun xinecónimo (HGN 106/2-3).

27. VIEIRO (Santo Antonio)

Acevedo é abundancial de acevo/acivro v. nº 13. **Cerreño** tamén é colectivo de *cerrus* ‘sobreira, caxigo’ (DCELC v. *mesto*; DEEH v. *cerrus*). **A Fontecova** sería o feminino *fonte cova* no latín vulgar = *cava* ‘oca, cóncava’ (TGL 103); no lat. clásico *fons* era masculino. **Pacios do Rebolín** son palacios (v. nº 14) nun lugar de **repullus*/**robullus* ‘rebolo’, pequeno carballo (DCELC v. *rebollo*, DEEH v. **repullus*) ou propiedade de *Reburinus*, nome persoal frecuente na epigrafía do NO hispano (ILER, índices), pero non un sitio de “trapatiesta, alboroto, desorden, trifulca, confusión, tiberio” (DEGC v. *rebolín*). Piel (STF) propón: “Rebolín (dimin. de rebolo ‘rebollo’)”. **Pedrafitelas** é diminutivo plural de Pedra-fita (STF), que vén do lat. *petra ficta* ‘pedra chantada, cravada’ (partic. do verbo *figere* ‘fixar, cravar’), coma os menhires, os miliarios ou os marcos divisorios das herdades. **Pedrouzos** procede do lat. *petra* co sufixo -*uceus*, que son pedras de gran tamaño sen traballar. **O Rebolín** v. supra. **San Mamede** leva o nome de balbuceo infantil *Mammes*, *etis*, como deixo escrito en

Lucensia, Nº 2, 1991, pp. 163-166. **Vieiro** v. nº 20. **Vilafrime** corresponde a unha vila de *Fronimius* (STF; HGN 107/6). **Vilar de Sucarral** alude a *villare sub carrale* ‘baixo dun camiño de carros’ (STF).

28. VILABOL DE SUARNA (Santa María)

Airixín equivale a igrexiña, diminutivo de *ecclesia* (STF). **Estoupelo**, diminutivo de estoupo, viría do xermánico *stampjan* /*stampon* ‘pisar, machacar’ (DCELC v. *estampar*; DEEH 988). **Mirallos** tal vez derive do antropónimo *Mirualdus* (HGN 185/1); Moralejo (TGL 338) parece que o relaciona con Mirador, e mesmo con “Milagro (Navarra y Toledo)”. Piel (STF) só cita Mirallos no grupo de “nombres de origen oscuro”. **Naraxa** parece corresponderse con *Naragia*, que se cita varias veces no TSA (1, 2, 34, 41, 189, S-12) e identifícase como *Camponaraya* en Cacabelos (León), termo indíxena. **A Retorta**, participio de *retorquere* ‘retorcer’, pode referirse a curvas e contracurvas nunha antiga vía. **Sancedo** parece variante de *Sancido* (en Armesto, Becerreá), que puido vir de *sancitus* ‘prohibido’, aplicado a pasteiros intactos, que non foron segados nin pacidos (DCELC, v. *sencido*); pero é máis verosímil a hipótese de Piel (STF), que trae “Sancedo (salic-etum)”, é dicir, un sitio abundante en *salix*, -*icis* ‘salgueiro’. Confirma esta hipótese a forma *Sançedo* nun doc. de 1496, referido a *Salcedo de Diomonde* no Saviñao (DCL). **Vilabol** xa queda visto atrás como procedente de *Aviulus*, diminutivo de *Avius* (LE 348). **Xegunde** procedería dun nome persoal xermánico **Gene-gundus* (STF; HGN 121/2) ou do latino (?) *Geguntius* (CIL VI 8476 b = RL 86).

29. O VILAR DA CUIÑA (Santa Bárbara)

Arexo é unha gabia redonda que se fai baixo das pólas dos castiñeiros, para que se deteñan nela as castañas caídas (DEGC), chamada tamén arello (*Frampas* II), diminutivo de aro; pero **Arexo** igual podería vir do antropónimo *Aredius/Areius* (RL 21; ILER 5925), como de *hodie* vén ‘hoxe’. **A Barreira** é lugar onde se saca o barro, voz prerromana (DCELC). **O Castro de Espiñeira** une dúas palabras latinas, *castrum* + *spinaria*, voz esta referida ó *spinus* ‘espiño’. **A Ferraría da Cuíña** son nomes xa vistos no núm 1 e 6. **A Fornaza** parece aumentativo de *furna* ‘cova abovedada’, dolmen. **Liñares de Bidul**, coma no núm. 12, parece aludir a un propietario que neste caso sería *Betulius* ou *Vetulus* / *Vitulus* (LE 405, 406); pero Piel (STF) propón: “Vidul (Liñares de —) ‘abedul’”. **Miñide** debeu ser xenitivo dun nome persoal, pero é difícil saber cal foi ¿**Mimnitus*? ¿*Minitius*? (HGN 186/1); Piel pregunta: “Miñide (¿nombre de poseedor visigodo en -ildus?)”. **Restrumeiro** parece composto do prefixo iterativo *re-* unido a *estrumeiro* (?) ou *estremeiro* (?); Piel (STF) escribe: “Restromeiro (¿relacionado con *estremeiro*?)”. **O Vilar da Cuíña** son palabras xa vistas no núm. 4 e 6.

Abade, 8
Acevedo, 11
Acevo, 6
Airexa, 4, 7
Airixín, 12
Aldobrán, 5
Aldomán, 3
ALLONCA, 1
Allonquiña, 1
Arco, 4
Arexo, 12
Armilda, 6
Arqueira, 3
Arquide, 10

Arroxo, 8
Bangos, 8
Barbeitos, 4
Barcela, 5
Barreira, 12
Barreiro, 4
BASTIDA, 2
Biduedo, 10
Bidul, 12
Boucisca, 7
Braña, 1, 11
Brañas, 6
Brancio, 8
Brañela, 2

BRUICEDO, 2
Buisán, 9
Burela, 2
BURÓN, 7
Buxán, 9
Cabana, 5
Cabanas, 10
Cabreira, 6
Caleiro, 8
Calzada, 7
Camponaraya, 12
Campos, 5
Cancelas, 10
Candaedo, 9
Candaído, 9
Candedo, 9
Candelos, 8
CARBALLIDO, 2
Carballoguidín, 4
Carracedo, 7
Carrís, 2
Castañeira, 10
Castañosín, 7
Castañoso, 6
Castaoso, 9
Casteda, 9
Castelo, 4
Castenda, 9
Castonsa, 9
Castro, 4, 12
Castro de Arroxo, 8
Castro de Lamas, 5
Centigosa, 7
Cerdeira, 10
CEREIXIDO, 3
Cerrodo, 11
Cháin, 7
Chainza, 8
Chao, 7
Chao de Leira, 6
Chenzas, 8
Chousa, 10
Cospeito, 10
Coto de Lamas, 5
Coto de Xunqueira, 5
Couso, 10
Cova, 6
Crecencia, 9
Cruz Nova, 7
CUÍÑA, 12

Cuíñas, 4
CUÍÑAS, 3
Dradas, 11
Ervellais, 8
Escamelada, 4
Escouride, 9
Escourido, 7, 9
Espiñeira, 12
Estoupelo, 12
Estremeiro, 7
Ferraría, 1, 12
Ferreira, 4
Ferreirola, 6
Ferreiros, 9
Ferreirous, 4
Fito, 4
Foncuberta, 4
FONFRIA, 4
Fonfría, 4
Fongate, 5
FONSAGRADA, 4
Fontecova, 11
Formigueiro, 5
Fornaza, 12
Fornos da Cal, 8
FREIXO, 4
Frontal, 1
Fumaioir, 4
Gamalleira, 5
Goxe, 7
Graña, 2
Graña de Chao de Fornos, 10
Gromaz, 2
Gulpilleiras, 7
Invernal, 7
Labiada, 10
Labio, 10
Lagoas, 9
Lagúas, 9
LAMAS, 5
LAMAS DE MOREIRA, 5
Lamelas, 10
Leituego, 6
Lentomil, 3
Lidín, 2
Liñares, 11, 12
Liñares de Maderne, 6
Llacín, 3
Lladairo, 4
Llan, 11

Llancela, 9
Llencias, 8
Lodos, 10
Logares, 10
Louteiro, 11
Louxas, 5
Ludeiro, 6
Lusío, 8
Maceda, 9
MADERNE, 6
Mazaeda, 9
Mazo, 9, 10
Mesón, 10
Mido, 7
Milladoiro, 7
Miñide, 12
Mirallos, 12
Monteagudo, 7
Monterrío, 9
MONTESEIRO, 6
Montouto, 7
Moreira, 5
Mourisco, 6
Muíña, 1
Murias, 6
Naraxa, 12
Navallo, 6
Neiro, 9
Noceda, 10
Novío, 8
Ortigosos, 5
Outonais, 10
Pacios, 6, 11
PACIOS, 6
PADRÓN, 7
Palmeán, 6
Panda, 6
Pandela, 10
Pando, 3
Pántaras, 1
Paradanova, 8
PARADAVELLA, 7
Paradiñas, 5
Pasada Seca, 4
Pastoriza, 2
Pedra, 4
Pedrafitelas, 11
Pedreira, 3
Pedrouzos, 12
Peizais, 9

Penamaior, 8
Penamaría, 10
Pereira, 2
Pereirúa, 4
Pin, 2
Piñeira, 7
PIÑEIRA, 7
Piñeiro, 9
Porteliña, 4
Pozas, 10
Pradairo, 9
PROBA, 7
Pruída do Vale, 10
Pucariña, 6
Pumeda, 5
Queixoiro, 2
Quintela, 1
Reboira, 11
Rebolín, 12
Rebordela, 3
Redrollán, 9
Relaio, 1
Restrumeiro, 12
Retiro, 7
Retorta, 12
Ribón, 5
Rieiro, 2
Río, 8
Río de Sabugo, 3
Riotorto, 9
Robledo, 11
Romeán, 11
Rozabragada, 8
San Breixo, 5
San Cibrán, 10
San Cristovo, 4
San Mamede, 12
San Martín, 8
SAN MARTÍN DE ARROXO, 8
San Martín de Robledo, 11
SAN MARTÍN DE SUARNA, 8
San Pedro, 9, 10
SAN PEDRO DE NEIRO, 9
SAN PEDRO DE RÍO, 9
Sancedo, 12
Sancido, 12
Sanguñedo, 10
Santa Xuiá, 3
Santiso, 3
Santo André, 10

SANTO ANDRÉ DE LOGARES, 10

Sendiña, 10

Seoane, 5

Sequeiro, 3

Serra, 4

Silvachá, 6

Silvadrosa, 7

Silvela, 9

Souto, 2, 3

Suarna, 9

Sucarral, 12

Sudros, 10

Susán, 5

Taboeiro, 3

Teixeira, 6, 7

Torre, 3

Torviso, 3

Touceiro, 3

Toxos, 8

Trambasaugas, 8

Trapa, 10

TRAPA, 10

Trasouturo, 11

Travesas, 4

Trevín, 3

Trobo, 11

TROBO, 10

Tronceda, 5

Troncos, 4

Trousa, 1

Tumbiadoira, 5

Vales, 4

Valiña das Ovellas, 3

Valiños, 5

Valoira, 11

Vao, 3

Veiga de Arroxo, 8

VEIGA DE LOGARES, 11

Veiga dos Binteiros, 3

Veigas, 5

Vela, 11

Ventorrillo, 11

Vieiro, 9

VIEIRO, 11

Vilabol, 5, 12

VILABOL DE SUARNA, 12

Vilacova, 11

Viladriz, 5

Vilaframil, 11

Vilafrime, 12

Vilafurada, 11

Vilagocende, 9

Vilagudel, 11

Vilalba, 3, 10

Vilamaior, 8, 11

Vilanova, 4, 5

Vilapiñol, 4

Vilar, 11, 12

VILAR, 12

Vilar de Calvos, 3

Vilar de Carballido, 3

Vilarbuxán, 9

Vilarchao, 5

Vilardíaz, 11

Vilardongo, 7

Vilarello, 2, 9

Vilarfruxilde, 11

Vilarín, 9

Vilarín de Pontón, 5

Vilarín do Castelo, 11

Vilarmeán, 5

Vilarón, 3

Vilarxubín, 11

Viloira, 11

Xegunde, 12

Xestoso, 2

Xestoso de Baxo, 9

Xipro, 5

Xunqueira, 6